



Paraiso
entre
Ríos

“O teu Concello infórmate”



O Alcalde, o Concelleiro e Técnico Municipal analizando o trazado do saneamento

Comezo das obras do saneamento en Insua

A Deputación de A Coruña, ven de adjudicar á empresa APPLUS-NORCONTROL, a realización das obras do **Saneamento en Insua**, correspondente á Segunda Fase da anualidade 2011 do proxecto Mandeo cofinanciado con fondos FEDER.

Aprobado no Pleno da Deputación do 25 de marzo pasado, conta cunha financiación de 577.228,18 Euros, obra pola que o Alcalde estivo a loitar ante os diversos Organismos ata lograr esta importante inversión.

As obras, que comenzarán a finais deste mes de outubro e contan cun prazo de execución de seis meses, consistirán na execución das actuacións necesarias para dotar de saneamento ó núcleo costeiro de Insua, na parroquia de Viñas. Para elo realizarase unha importante rede de saneamento que recollerá as augas residuais do núcleo de Insua a fin de conectalas á rede existente en Porto mediante dúas Estacións de Bombeo.

Con esta actuación, ademais das grandes vantaxes para os veciños, acadarase unha gran mellora no ecosistema da ría e, polo tanto, no medio ambiente saneando así o entorno no que vivimos.

Presentación do curso «Preescolar na casa»

O día 19 de setembro realizouse en Paderne a presentación do curso de «Preescolar na Casa» que traballa cos nenos de 0 a 3 anos e as súas familias.

Este Programa, que ven realizando a súa labor en Paderne desde fai moitos anos, establece uns importantes vínculos entre as familias que o integran, potencia o desenvolvemento das comunidades locais e facilita recursos para a crianza e educación dos fillos.

As familias de Paderne están a ser moi receptivas co traballo que nel se realiza, e a proba está na gran cantidade delas que acoden ás convocatorias que o Alcalde lles realiza para informalas sobre o mesmo; nesta ocasión foron 20 as familias presentes nesta primeira cita do novo curso, aínda que se conta con un maior número interesadas en participar.

Recollendo esta demanda e, vistos os recortes que dito programa está a sufrir por parte da Xunta de Galicia, o Equipo de Goberno vai a levar a Pleno unha moción de apoio ó mesmo na que se inste á Xunta a manter as axudas que estaba a proporcionar a fin de que continúe nos niveis nos que se estaba a manter.



Algunhas das familias interesadas no Programa co Alcalde e a profesora o día da presentación

Excursión a Ferrol e San Andrés



Durante a xornada de mañá na visita ós museos

Comezou a nova tempada do programa «Paderne en Familia» o día 18 de setembro cunha excursión a Ferrol e San Andrés de Teixido.

Sendas exposicións, o Museo Naval e a Exponav, foron visitadas na xornada de mañá dentro do recinto do arsenal de Ferrol. Repartidas en varias salas, conteñen parte da historia desta cidade tan vinculada á cultura mariña, ós arsenais e á armada e que xogou un importantísimo papel na historia do noso país albergando un dos portos máis destacados da península.

Valiosas pezas de barcos, maquetas, instrumentos de navegación e armas de tódolos tempos, ademais dunha mostra moi significativa da evolución da arquitectura e construción naval dos últimos séculos, constitúen a base

destas exposicións que ilustran perfectamente a evolución do sector naval.

Despois da comida había que ir a San Andrés de Teixido nun mes no que moita xente acude a visitar o santo, asistir á misa e cumprir co ritual de beber dos tres canos da fonte para que se cumpran os desexos pedidos completando así esta agradable excursión do Concello de Paderne.

Presentación do curso 2011-2012 da UNED Senior Aula Paderne

O día **23 de setembro**, realizouse a presentación da **UNED SENIOR-AULA PADERNE**, na Casa do Concello.

O Alcalde quixo novamente apoiar esta importante labor que, logo de catro anos de andadura, leva formando a moitas persoas maiores de 52 anos do Concello.

As disciplinas que se imparten contan co respaldo da UNIVERSIDADE NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA.

Para o primeiro catrimestre do curso cóntase coas seguintes materias:

MÚSICA E/OU MÚSICA GALEGA
NOVAS TÉCNICAS E MEDICAMENTOS
INTRODUCCIÓN Ó PATRIMONIO GALEGO; impartida por Felipe Senén (os martes pola tarde)
INFORMÁTICA



O Alcalde co grupo e os representantes na súa presentación en Paderne

Drenaxe e mellora do Mercado do Telleiro

O Concello de Paderne ven de iniciar a contratación das obras «Drenaxe e mellora do mercado de Paderne», tras recibir unha subvención de **52.500,38 Euros**, en dúas anualidades, da Consellería de Economía e Industria no marco do Programa operativo Feder Galicia 2010-2013.

Ditas obras teñen como obxecto seguir coa mellora e acondicionamento do campo de O Telleiro cara ó establecemento dunha zona comercial que posibilite un marco estable e mellor aproveitamento do recinto para a celebración de eventos e a actividade comercial no Concello co afirmado e drenaxe do camiño e recinto actualmente dedicado a campo da festa.

Plan de obras e servizos 2011 (POS-2011)

Neste pasado mes de setembro veuse a realizar a adxudicación das obras comprendidas no Plan de Obras e Servizos 2011 (POS-2011) da deputación de A Coruña que comprende as seguintes obras:

Por un total de **93.486,99 euros**, a «**Mellora da pavimentación das vías municipais**».
Inclúe as seguintes vías:

- Camiño dos Quintos á Ponte de Teixeira (parroquia de Vilamourel)
- Camiño Os Carballos-O Bión e Núcleo de Donín (parroquia de Vigo)
- Núcleos: Cruceiro, Paderne de Abaixo, Nogueirido-Amboade, camiño Telleiro, Viña Nova, Agra de Abaixo (parroquia de Paderne)
- Camiño á Pereira (parroquia de Obre)
- Camiño Barreiro-Penamoura (parroquia de Velouzás)
- Camiño Areas-A Fraga, camiño Fonte do Casal, camiño da Goexa (parroquia de Adragonte)
- Acceso ó polideportivo (parroquia de Viñas)

Por un importe de **53.593,03 euros**, a «**Mellora da rede de alumeadado municipal en tódalas parroquias do Concello**» a fin de seguir adaptando toda a rede ás necesidades enerxéticas actuais.

Plan de cooperación cos concellos 2008-2011 (PCC 2008-2011)

Veñen de adxudicarse tamén as obras comprendidas no Plan de Cooperación cos Concellos 2008-2011 (PCC 2008-2011) da Deputación de A Coruña, nas que está incluído o proxecto de «**Ampliación de traída municipal nos lugares de Abrodo e Chantada e ampliación de saneamento en Chantada**» por un importe de **74.612,08 euros**.

Con elas estase a completar un importante servizo público que facilitará a realización doutros proxectos importantes para todo o Concello.

Medidas de aforro enerxético no alumeadado público

Como medida de aforro enerxético no alumeadado público, adoptouse a medida de ir alternando o encendido das farolas instaladas nas estradas das vías públicas que pasan polas localidades de Insua, Porto, Souto, Paderne e Adragonte.

Paulatinamente esta mesma medida vai a ir adoptándose nas farolas públicas que se atopan dentro dos núcleos de poboación de xeito que tamén se vai a ir alternando o seu encendido a fin de que ningún veciño se sinta perxudicado e, ó mesmo tempo, represente un aforro para as arcas municipais.

Queridos veciños:

Desde a pasada primavera estamos sufrindo os efectos dunha sequía moi grande que afecta aos mananciais que subministran a traída municipal de augas.

Todos o notamos, tanto nas traídas veciñais como nos nosos pozos particulares.

Son case seis meses sen apenas chover, que fan resentir a capacidade dos depósitos abastecedores de auga.

A isto sumamos un consumo excesivo debido a regos, encher piscinas, lavados de coches, en fin, un uso indebido da auga que, como todos sabemos, é só para uso doméstico.

A coincidencia no tempo de estes usos, fai que os depósitos se valeiren bruscamente, pois a ninguén se nos escapa que non é o mesmo consumir moita auga un día todos xuntos que pouca tódolos días, aínda que ao final de mes sexa a mesma cantidade de litros, pois non é igual valeirar 400 Tm. de auga nun día que en trinta.

O vaciado dos depósitos, provoca ademais entrada de aire nas tuberías, que cando volve a repoñerse a auga provoca uns golpes, tecnicamente chamados de ariete, que causan roturas e averías que agravan aínda máis o servizo de abastecemento co cal, tarda máis tempo en poder repoñerse a auga nas casas.

Estamos a observar consumos anómalos da auga pola noite, cando apenas debería haber consumo; a veces haino e moi grande, chegando a vaciar un depósito enteiro, que cerrando o abastecemento recupera axiña en apenas 24 horas, normalizándose en varios días ata que repentinamente volve a haber outro pico grande de consumo nocturno que vacía os depósitos novamente.

Ó facer as lecturas mensuais é moi difícil detectar onde están os problemas, pero sabemos que é por uso indebido da auga en riegos de todo tipo.

*Os operarios do servizo de mantemento do Concello están a facer un esforzo enorme para manter un bo servizo; é preciso axudalos desde o apoio veciñal facendo un **bo uso responsable da auga**, para non ter que chegar a racionala.*

Esperamos, como sempre, a colaboración de todos seguindo uns sinxelos consellos que redundarán en paliar este grave problema.

Desde o Concello, pedimos disculpas por tódalas molestias causadas neste servizo que é fundamental para a nosa vida cotiá.

O voso Alcalde

O aforro de auga é labor de todos

A AUGA É VIDA

O 60% do home é auga

A AUGA É NECESARIA

Só un 3% da auga é potable

Recorda

1 Pecha a villa mentres

Lavas os dentes, te afeitas, non a necesitas



2 É mellor unha ducha que un baño

Aforras auga se pechas a ducha mentres te enxabonas



3 Poñer a lavadora e o lavavaixelas cheos

Pódense aforrar ata 50 litros de auga



4 A auga é só para uso doméstico

Non regues



5 O bo reparto da auga é algo que nos afecta a todos

Usa este ben sen destragalo

Cando detectes algunha anomalía ou desperfecto na traída de augas chama ó teu concello

981 776 302 / 981 797 001

Excursión a Portugal

O Programa «Paderne en Familia» realiza unha nova excursión o vindeiro sábado **22 de outubro a Portugal**. Pola mañá achegarémonos a Vilanova de Cerveira, a curiosear e mercar na feira que realizan os sábados e, Valença do Minho, será o destino da tarde. Nesta outra vila poderemos mercar nos múltiples postos e tendas, ademais de pasear polas estreitas rúas típicas da zona.

Ás 7 da mañá, os autobuses comezarán a recoller ás persoas polas distintas parroquias.

Poderán asistir persoas empadroadas no Concello de Paderne cunha aportación por persoa de 25 euros.

Os interesados poden inscribirse chamando ás oficinas municipais ata o día 19 de outubro.

Balneoterapia (Proxecto coidarse no 2011)

Comeza de novo a actividade de balneoterapia no balneario de Guitiriz. Poden beneficiarse deste servizo as persoas maiores de 65 anos e os pensionistas maiores de 60 que se atopan empadroados no Concello de Paderne. A primeira visita desta nova tempada vaixe a realizar o **venres 14 de outubro** coa saída da Casa do Concello ás 9.30 e o regreso ás 13.30 h.

Os interesados teñen ata o día 11 de outubro para solicitar a súa participación.

Obradoiros de Igualdade

Os nenos e nenas dos niveis de Educación Infantil, Primaria e Secundaria do Concello de Paderne, van a recibir información co fin de poder participar nos obradoiros de coeducación xa iniciados en anos anteriores aínda que, nesta ocasión, cunha duración maior. O que se persegue é seguir sensibilizando á comunidade educativa municipal e ás familias dos menores que a integran, sobre a importancia de promover unha educación en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres dun xeito transversal contribuindo, desde o goberno municipal, a potenciar nos nosos nenos unha educación sen estereotipos sexistas.

Estas actividades encádranse na axuda de 5.820 € recibida da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia destinadas á prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

Cambios no servizo de transporte municipal

O Concello de Paderne quere informar ós veciños sobre os cambios producidos no servizo de transporte municipal que facilita o desprazamento das persoas de tódalas parroquias ó Centro de Saúde.

As persoas que precisan dun control periódico para a administración do Sintrón, deben chamar por teléfono ás oficinas municipais. Este servizo non vai a sufrir modificacións quedando, polo tanto, os luns, mércores e xoves tal e como se estaba a facer.

A partires do día 3 de outubro, hai un cambio nos días de realización de extraccións de sangue, pasando a ser tres días, en lugar dos dous que se viñan facendo; será os martes, xoves e venres. Por este motivo, o Concello considera importante comunicar ós veciños que vai a adaptar o servizo de transporte a estas novas datas co fin de facilitar o seu desprazamento.

Os martes realízase o percorrido polas parroquias de Vigo, Vilamourel, Adragonte e Quintas quedando os xoves e venres para as parroquias de Velouzás, Souto e Viñas

UNED Senior (Universidade para maiores)

Tras catro anos de andadura, volven a comenar as actividades da UNED SENIOR para o próximo ano académico orientadas a persoas maiores de 55 anos, con independencia da súa formación previa, a fin de que poidan formarse en distintas temáticas so respaldo da Universidade Nacional a Distancia.

Para o primeiro cuatrimestre do curso cóntase coas seguintes materias:

- **Prevención de riscos na vida cotiá**
- **Actividade física e a súa incidencia na saúde**
- **Institucións e organizacións ó servizo do maior**
- **Tertulias literarias con visitas por toda Galicia**
- **Informática 1 e 2**
- **Música e/ou música galega**

A actividade de informática será de carácter obrigatorio para tódolos alumnos polo que se ofrecerá a posibilidade de participar en cursos de informática con distintos niveis.

Anímase a que tódalas persoas maiores de 55 anos participen nesta iniciativa, con independencia da formación académica que posúan.

As persoas que desexen recibir máis información poden dirixirse á oficina de servizos sociais do Concello.